

**Actas do I Encontro de Autores
"Palabras, palabras, palabras"
(Zaragoza, 3 a 6 de abril de 2000)**

"A literatura galega ante o século XXI"

Antonio Francisco Pedrós e María Asunción Gasca (eds.)

Palabras a estas palabras

Calquera reflexión que nesta introducción se fixese non daría outra sensación que a de estar de máis. Palabras que tratan sobre outras palabras nunha espiral sen fin, e que nos atraen dende o fondo da súa esencia.

Esta fascinación é o motor do noso traballo: unha humilde proposta de reflexión e diálogo, un tributo á palabra.

¿Cal é a exacta medida da repercusión que hoxe en día ten a literatura?, ¿cal é a súa cabida dentro dos esquemas sociais e culturais establecidos?, ¿cales son os camiños que se albiscan para o século que se nos vén enriba? Non somos tal vez nós os máis adecuados para dar resposta a estas preguntas, que quizais non se vexan nin sequera contestadas ao longo deste texto, que non fai máis que recoller o que outros dixeron. Son eles, autores actuais, os que deberán percorrer primeiro e facernos percorrer máis tarde eses novos camiños, sen máis guía que eles mesmos... ou o que as palabras queiran ofrecerlles, a modo de anciás musas e arcanos saberes.

Para todo iso propuxémonos recorrer a autores ou propostas propias da visión posmoderna, afastadas de calquera canon culturalista colonial: autores que pertencen ao movemento que a crítica anglófila chama "ex-céntrica", guía e meta deste e futuros encontros.

Moitas eran as posibilidades que se nos presentaban á vista entón: a literatura de xénero, a rexionalista, a de cada autonomía como expresión dunha idiosincrasia propia... ¿Como elixir entre todas elas?, ¿que criterio empregar para traballar sobre unha ou outra? A cuestión é por qué escoller precisamente a literatura galega entre o amplo espectro de posibilidades para inaugurar unha serie de charlas a modo de Encuentros de Autores, cun firme propósito de continuidade e o manifesto desexo de abrir un foro de debate ao redor das cuestións que antes enunciabamos. A ese respecto, podemos

dicir que o criterio saíu máis ao noso paso que nós ao seu. Gracias á axuda e apoio que Suso de Toro nos brindou dende un principio e en todo momento, presentamos agora os froitos do primeiro Encontro, e ao apaixonamento con que se volcaron autores como Yolanda Castaño e Miguel Anxo Fernán-Vello, embaixador literario de Galicia en Zaragoza.

A inexperiencia fíxonos cometer erros organizativos, que confiamos non volver repetir (malia que o home sempre tropece na mesma pedra, constantemente), pero cremos que a vontade e o apoio dos amigos salvou os escollos que saíron ao noso paso.

Continuamente, alá onde fosemos, sempre se repetía a mesma pregunta: ¿Por que autores galegos? Non se trata senón dun proxecto persoal, froito dun soño único, moi próximo ao empeño particular, gracias ao cal hoxe podemos soste nas nosas mans todas estas palabras (que non son senón iso, como teima en recordarnos o noso vello amigo Hamlet). Pero non é só iso, pois é pretender unha quimera erguer en soidade un proxecto como o que dende un principio nos propuxemos. Soamente puido saír adiante polo continuo apoio a todos os niveis da Delegación de Alumnos da Facultade de Filosofía e Letras, que en cada momento soubo prestarnos a axuda necesaria, non só como órgano universitario, senón tamén a nivel persoal, con cada un dos seus compoñentes, que nos regalaron o seu tempo, o seu esforzo e o seu traballo. Intentar expresar aquí todo o noso agradecemento sería en van, así que confiamos en telo sabido transmitir ao seu debido tempo.

180

A publicación das actas é a cristalización do desexo de pervivencia espacial e temporal de *palabras, palabras, palabras*, a esperanza de que o Encontro non morra coas nosas ilusións, senón que como ao bo viño, os anos lle dean corpo e entidade recoñecíbel, que amplíe na nosa Facultade o foro e a vontade de debate. Confiamos, máis con esperanza que con certeza, en que os nosos esforzos non queden en simples palabras.

Desexamos facer constar aquí o noso agradecemento ás seguintes persoas ou entidades: a Institución “Fernando o Católico”, e moi especialmente ao que foi o seu director, o Dr. Guillermo Fatás Cabeza; a D. Fernando Luis de Lanzas Sánchez do Corral e D^a. Társila Peñarrubia, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; a D. Antonio Peiró, Adxunto ao Rector para Estudiantes, e a D. Manuel García Guatas, Vicerrector de Extensión Universitaria; a René Santamaría, Subdirector do C.M.U. Sta. Isabel; a Luisa María Frutos Mejía, Decana da Facultade de Filosofía e Letras, e a Tim Bozman, Vicedecano de Alumnos; a Chema Durán, polo logotipo do Encontro; a Miguel Hermoso, pola súa ilustración e axuda; ao Centro Galego de Zaragoza, a Jaime Feijóo, o seu director, e ao grupo “Nova estrela”, por traer Galicia a Zaragoza; a Fernando Rivarés, de Radio Zaragoza; e por último, pero non por iso en menor medida, a todos aqueles que dunha maneira ou outra fixeron posíbel este proxecto: María Ángeles Euba, Francis, Alejandra, Bea, Santi e Carlos, David, Yolanda, Nathalie, Mayte, Alberto, Ana, Nieves... Vaian a eles estas *palabras, palabras, palabras*.

María Gasca e Antonio Pedrós